

Ponte...nas ondas! celebra o seu 25 aniversario cun maratón radiofónico



Páxina 2

A Deputación cataloga nun libro os 587 reloxos de sol da Coruña



Páxina 4

Adegas do Ribeiro reciben acreditación internacional



Páxina 11

O Concello de Monforte licita as obras do Parque de Cobas



Páxina 12

A Xunta reconece a Ribeira Sacra como Área de Rehabilitación Integral Supramunicipal



Páxina 13



Gonzalo Caballero presenta a súa candidatura: “Quero ser presidente para devolverlle a esperanza aos galegos e ás galegas”

Páxina 8

Entrevista



Miguel Mosqueira, compoñente de “Ataque Escampe”

“Non teño a sensación de que Ataque Escampe sexa referente de nada”

Páxina 7

GASTRO TABERNA COCINA GALLEGA

ABIERTO TODOS LOS DÍAS/COCINA ININTERRUMPIDA

Ortega y Gasset, 66 • Tel.: 91 401 44 45

As' Pedriñas Novas

MARISCOS TRAÍDOS CADA DÍA DE GALICIA

Temporada de lamprea

Miscelanea

Ponte...nas ondas! celebra o seu 25 aniversario cun maratón radiofónico

0 27 de marzo emite en directo unha xornada especial na que participan centros educativos e emisoras galego portuguesas

O vindeiro 27 de marzo, Ponte... nas ondas! (PNO!) acende os micros para celebrar o seu 25 aniversario nunha xornada especial na que participarán centros educativos de Galicia e do norte de Portugal. Este maratón radiofónico, retransmitido en directo a través do portal Escola nas Ondas, terá lugar dende diferentes puntos, entre os que se atopan a Universidade de Vigo, a Rádio Universitária do Minho (RUM) en Braga e a Universidade de Santiago de Compostela desde onde se realizarán programas especiais. Ademais, vanse realizar programas desde o IES de Burela, o CPI de A Cañiza e Ponteareas, entre outros lugares. Tamén están previstos que os centros educativos asistan a Rádio Chaves, a Radio Fene, a Radio Piratona, (Valadares), a Radio Redondela, a Radio Allariz, a Radio Montalegre, a Radio Afifense (Caminha), a Radio Tui, a Radio Ames, a Cuac FM (A Coruña), a Radio Vale do Minho (Monção), á Cadena SER (Carballo) ou a Onda Cero (Monforte).

Colaboracións para o 25 aniversario

Como vén sendo habitual, agárdanse colaboracións artísticas que serán estreadas

na xornada radiofónica e tamén conexións con cadeas de radio de Portugal e España. Ao longo deste tempo os máis importantes líderes da radio en Portugal e España teñen prestado o seu apoio a Ponte...nas ondas! A primeira foi a galega Julia Otero no ano 1998 e 1999 establecendo conexións desde Barcelona. Despois virían Diamantino José da Antena 1, Iñaki Gabilondo ou Gemma Nierga da Cadena SER.

Tamén realizaron gravacións especiais para a experiencia Uxía e Joao Afonso, Treixadura e Gaiteiros de Lisboa, Guadi Galego e Vozes da Rádio, X.M.Budiño, Chico César, Lenine, Margareth Menezes, Daniela Mercury, entre outros.

25 anos de compromiso co patrimonio común

Ponte...nas ondas! conta cunha longa traxectoria na recuperación e posta en valor dun patrimonio inmaterial común do que, ate entón, pouco se falaba. Ao tempo que se puxo fin a barreira xeográfica coa inauguración dunha ponte que unía Salvaterra do Miño e Monção, púxose fin tamén a unha negación que ocultaba unhas raíces e un pasado común: creouse

unha ponte que unía unha cultura que fora dividida por unha fronteira.

É así como nace Ponte...nas ondas!, cunha xornada, por aquel entón experimental, na que, dende dous estudos de radio algo precarios, alumnas e alumnos de diferentes centros educativos das dúas beiras do Miño comezábase a

tecer a historia esquecida de dous territorios irmáns. E aquilo que naceu como un experimento con poucas pretensións de futuro rematou por converterse nunha efeméride internacional.

A través das múltiples actividades que desenvolveu PNO!, traballou cos máis cativos as tradicións das vilas e pobos implicados no proxecto de Galiza e do norte de Portugal; contribuíu a salvagardar e recompilar pezas musicais, cantigas tradicionais galegas e portuguesas xa case esquecidas; presentou moitos dos valores e tradicións que vinculan ambas terras, servindo de fonte documental e de organismo vivo que investiga, recupera e difunde un tesouro en forma de patrimonio.

ONG consultora oficial en materia de patrimonio inmaterial

No ano 2002 a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas! toma a decisión de iniciar os trámites para presentar diante da UNESCO a Candidatura de Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, para que o organismo declarase este patrimonio cultural común como Obra Mestra da Humanidade: Desde ese momento até a presentación en 2004 a Asociación realiza unha grande labor de xestión e implicación de entidades e asociacións galegas e portuguesas. Tamén iniciouse un intenso traballo para dar a coñecer o patrimonio inmaterial común: as Mostras da Oralidade Galego-Portuguesa, os Certames de recolla, os Encontros de xogos tradicionais, a edición de varias publicacións...

Todo este traballo valeulle, ao longo




da súa traxectoria, multitude de recoñecementos como o premio Ondas á mellor cobertura informativa en 2014 ou a acreditación como ONG consultora para o patrimonio cultural da UNESCO. Ponte...nas Ondas! é un proxecto innovador no seu formato -radio interescolar como medio de comunicación-, na súa formulación -impulsado e dirixido pola sociedade civil-, na súa evolución permanencia na vangarda tecnolóxica- e na súa temática -a cultura galego-portuguesa como nexos de dous pobos irmáns divididos por unha fronteira-. E que nace ademais, como unha oportunidade para construír a Eurorrexión desde a base social.

E toda a súa traxectoria será lembrada e homenaxeada neste 25 aniversario que supón un éxito absoluto dunha iniciativa que modestamente foi atinxindo obxectivos consolidados. Unha xornada, a do 27 de marzo, que servirá para botar unha ollada ao que se leva feito e para facer unha declaración de intencións de todo o que queda por recorrer. Como escribiu Otero Pedrayo "Galicia é unha prolongación de Portugal, ou Portugal unha prolongación de Galicia", e ambas están unidas por unha ponte, Ponte...nas ondas!



FUCO PRADO





Dádeme un punto de apoio e moverei o mundo!!

Parece que foi o grego Arquímedes, matemático, físico, astrónomo, etc., que viviu nos anos antes de Cristo, quen pedía un punto de apoio que el se encargadaba de mover o mundo. Ao parecer solicitaba medios de comunicación que falaran dos seus proxectos, descubrimentos, etc.

Esta frase histórica ten outra versión: “dádeme unha escola e moverei o mundo”. Claro que tanto unha frase, como a súa posible copia xa son historia.

Hoxe non existe esa escola que puidera mover o mundo, nin os medios de comunicación que axudaran a descubrir novos avances na historia da Humanidade, tanto a nivel científico, como a nivel moral ou ético que non leven nas súas entrañas o virus da súa propia destrución, que diría Marx respecto do capitalismo.

A escola deixou de ser esa panca sobre a que todos nos apoiámos dende os anos mozos para erguer a cabeza e descubrir que había máis aló das nosas fronteiras. Non dispoñíamos de máis escaleiras para acadar os límites do horizonte coñecido. Só tiñamos poucos e maos libros e as “clases-conferencias” dos profesores que, con máis ganas que competencia, tentaban abrírnos os ollos ata onde estaba permitido, non fora que nos instruísemos cousas que eran tabú (algunhas seguen sendo tabús aínda hoxe).

Como os horizontes eran tan estreitos, tan limitados aqueles que tiñan certa fame de saber ían metendo o fociño, como podían, para se ilustrar e comprobar que outro mundo existía. Era certo, existía; pero estaba tapado, tapiado, de tal maneira que canto máis averiguabas máis te decatabas que xa estaba deseñado de tal maneira que foras por onde foras, cheiraras onde cheiraras, sempre ías dar ao mesmo lugar: a Historia, con maiúscula, era escrita polos vencedores; eles tiñan decidido o que deberías ou non coñecer. Vencedores en todos os campos do saber e vencedores en todos os campos do vivir diario. Publicacións, traballos, modos de produción, etc. Todo

atado e ben atado.

Houbo un momento en que, tal vez por distracción, parecía que os cidadáns podían acadar certo poder de información. Podían manifestar os seus pensamentos, descubrimentos científicos e literarios, e ata no mundo da arte. As monarquías ían rematando (aínda que quedaban restos que duraron ata hoxe); os pensadores, filósofos, literatos saíron á rúa berrando os seus saberes para que soubéramos que podíamos controlar as nosas vidas, o noso futuro. Algúns foron tan tolos que se mataron entre eles, con todo non deixaba de ser unha enorme fiesta pola que entraba unha brisa que nos enchía de ar puro, saudable, reconfortante.



Emporiso aquilo durou pouco. As coroas reais foran substituídas polos poderes económicos e os loucos pensadores ían afocinando unha e outra vez contra os novos intereses que viñan cabalgando a toda présa para ocupar aquel oco deixado polas monarquías, polos poderes que dicían viñan do ceo.

Alguén nas alturas caeu na conta de que as cousas se lle estaban indo das mans. Que ao mundo, léase aos cidadáns, non nos podía deixar soltos de todo porque non eran conscientes do “perigo” que corrían as súas vidas, o seu futuro. Entón, chegou Paco coas rebaixas e mandou parar. E nunca melleiro dito, o de Paco.

Xa tiñamos superado a fase de “do van leyes, do van Reyes”. Parecía que puidéramos

ditarnos normas de vida, de comportamento, de pensamento sen ataduras. Mentira. Iso podía volverse perigoso. Había que poñer un control. O mundo non se podía deixar mover por calquera. Se había que movelo xa se faría pero con tento, con control. Os experimentos mellor con gasosa; o champagne sae caro. Neste punto a historia mundial porén moito máis a europea sufriu cambios importantes. Asistimos a dúas guerras mundiais que delimitaron o mapa do mundo desenvolvido para o resto do tempo que viña detrás. Iso durou ata hoxe mesmo. Agora xa se presentan novos retos, novos mapas. Non sabemos ben quen ten todo o Poder.

Aqueles guerras crearon unha situación social, moral e política que marcou as nosas vidas para sempre. En España asistimos a unha guerra incivil que viña a rematar cos brotes de liberdade que o pobo soñara durante a breve República. España serviu de campo de probas para comprobar como se pode controlar toda unha sociedade a base de adoutramento e do control policial. Non imos entrar aquí en detalles. As barbaridades cometidas esixen un capítulo aparte. Hoxe queremos centrarnos na escola, no punto de apoio que solicitaba Arquímedes.

Algúns tivemos a sorte de nacer e vivir nunha aldea. E digo a sorte, intencionadamente, porque foi a maneira de que cando abrimos os ollos e nos decatamos do mundo que nos tocara vivir xa tiñamos certa experiencia de como eran as cousas do comer e do pensar. Xa tiñamos noticias da sorte que correrán os que “intentaran ofrecer unha sociedade mellor, máis ceibe, máis xusta, máis decente”. Xa sabíamos o que significaba ser patriotas, bos españois, persoas decentes, serias, responsables e, sobre todo, obedientes. Logo, con esa maleta ás costas puidemos ir conformando e movendo o noso novo mundo. Puidemos informarnos pola nosa conta, podemos saltarnos as normas de ser obedientes, de non conformarnos con aqueles saberes oficiais. Puidé-

mos ultrapasar, que dirían os nosos amigos portugueses, os lindes da veiga pequena na que xogabamos cando nenos.

Tivemos a sorte de dispoñer da escola, pero xa non só como alumnos senón como humildes mestres encargados de “abrirles os ollos ao mundo” aos raparigos e raparigas que, igual que nos tiña pasado, querían voar pola súa conta. Claro que nós, con aqueles miserables medios á nosa disposición poucas ás lle podíamos ofrecer. Si convencelos de que alí só podían conseguir erguer as columnas do edificio da súa vida, logo terían que amoblalo con outros materiais e enchelo de todo o que no mundo puideran atopar. Non darse nunca por vencidos. Alí comezaba a súa vida como unha novela na que serían o principal personaxe. Que foran aumentándolle capítulos ata que as forzas non lle deran para máis.

Así a todo, o problema estaba fóra. Aqueles rapaces e rapazas precisaban dun punto de apoio para mover o seu propio mundo e o mundo pouco lles ofrecía. Mellor, ofrecíanlles demasiadas cousas que non lle ían servir para amoblar aquel edificio que comezaran na escola; todo o contrario, poderían ser como un virus que sen decatarse fora minando a súa fortaleza e rematara convencéndoo de que non merecía a pena esforzarse; todo estaba atado e ben atado. Eles, elas non eran máis que carne de canón nunha guerra que tiñan perdida antes de comezala. E non lles faltaba razón.

Os nados nos anos corenta, como é o meu caso, e nos dedicamos ao ensino, fomos vítimas e ata protagonistas forzados dun ensino que estaba chamado a crear un exército de homes e mulleres (estas en menor contía) que debían ser os líderes do futuro.

Só nas capitais de provincia ou nas grandes cidades existían institutos nos que se podía estudar bacharelato. Isto era a condición necesaria para acceder aos estudos universitarios e, polo tanto, a conformar os cadros de dirixentes do novo país chamado España Imperial. ...

(O texto completo poden lelo en : www.novasdoeixoatlantico.com)

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Vialé Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

A Deputación cataloga nun libro os 587 reloxo de sol da provincia da Coruña

A sede da Deputación acolleu a presentación do libro *Reloxos de sol* en el patrimonio construído civil, religioso, militar y etnográfico de la provincia da Coruña, que cataloga de xeito exhaustivo os 587 reloxo de sol existentes nos 93 concellos coruñeses segundo a súa ubicación, tipo, forma, estado de conservación ou data de orixe.

A presentación contou coa presenza do presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso e os autores do libro, José Manuel Yáñez, xefe do servizo de Arquitectura da Deputación e doutor en Historia do Arte e Antonio José Cañones Aguilar, experto gnomomista e membro da Asociación de Amigos de Reloxos de Sol.

González Formoso lembrou que o libro, editado pola Depu-



tación, é o resultado dunha longa e rigurosa investigación que Yáñez e Cañones comezaron nas comarcas de Ferrolterra e Eume en 2003 e que "pouco a pouco foi extendéndose e compilando os datos e contando a historia de cada un dos reloxo de sol existentes na provincia da Coruña".

Na segunda parte do libro, a

máis extensa, conta con mapas das comarcas e municipios coruñeses onde se ubican os reloxo de sol e realízase unha catalogación exhaustiva dos mesmos, incluíndo fotografías do estado actual de cada un deles. Nas fichas de cada reloxo detallanse polo miúdo os seus datos e historia, situándoa no contexto físico do edificio no que se ubica.

A primeira Vía Verde da Coruña conectará Cerceda con Santiago cunha senda de 36,5 quilómetros sobre as antigas vías do ferrocarril

A Deputación da Coruña rematou a redacción dos distintos tramos da Vía Verde Cerceda-Santiago e xa conta coa cesión do terreo por parte de ADIF e coas autorizacións necesarias para poder licitar as obras, que suporán un importante investimento de preto de 2,4 millóns de euros, dos que 1.860.501 € serán financiados con fondos europeos FEDER para proxectos de fomento da mobilidade sostible e a economía baixa en carbono e outros 535.129 € con fondos propios da Deputación.

Así o confirmou o presidente da institución provincial, Valentín González Formoso, durante a visita oficial que realizou ao municipio de Cerceda, na que estivo acompañado polo novo alcalde da localidade, Juan Manuel Rodríguez, e polos deputados provinciais, José Manuel Pequeno, José Manuel Lage Tuñas e Cristina Capelán Cancelo.



González Formoso sostivo que "a Vía Verde, unha idea ambiciosa que comezou a xestarse hai máis dunha década, será unha realidade durante o presente mandato grazas ao traballo conxunto da Deputación e dos cinco concellos implicados no proxecto: Cerceda, Tordoia, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela" e afirmou que, tras a aprobación definitiva dos proxectos nos plenos destes concellos, a Deputación comezará

o proceso de licitación das obras.

Será a primeira Vía Verde da provincia da Coruña e a de maior extensión de Galicia, cun itinerario de 36,5 quilómetros sobre as antigas vías do ferrocarril (catro veces máis que a Vía Verde do Salnés) que permitirá camiñar ou andar en bici desde o núcleo urbano de Cerceda ata a estación da Sionlla de Santiago, atravesando espazos de grande interese medioambiental, histórico e cultural.

A Deputación da Coruña facilita aos concellos da provincia un programa para o control horario do seu persoal



A sede da Deputación da Coruña acolleu unha xornada sobre a aplicación da nova lexislación estatal que obriga ao control horario dos traballadores por parte dos concellos.

O curso foi inaugurado polo deputado responsable da área de Economía, Facenda e Persoal, Antonio Leira, que destacou importancia de cumprir co establecido no Real Decreto 8/2019 de 8 de marzo, que "garante a seguridade xurídica de empregados e empresas" e ten como obxectivo controlar que non se excedan as xornadas laborais máximas esixidas na normativa e que, no seu caso,

se retribúan as horas extra.

Leira explicou que a Deputación "ofrece aos municipios da provincia unha extensión da súa propia aplicación informática de control horario que permite aos concellos xestionar o control horario dos seus traballadores".

As empresas e administracións públicas teñen a obriga de documentar e garantir o rexistro diario da xornada de todos os traballadores e traballadoras, conservar os rexistros durante catro anos e mantelos a disposición das persoas traballadoras, os seus representantes legais e a Inspección de Traballo e Seguridade Social.

A Deputación destina 3,6 millóns de euros na promoción do deporte

A Deputación da Coruña convoca cinco programas de subvencións co obxectivo de fomentar a actividade deportiva en todos os seus ámbitos e apoiar o traballo de centos de clubs e deportistas coruñeses.

Dous dos programas están dirixidos a clubs deportivos da provincia da Coruña que participen en competicións federadas de ámbito local, provincial ou autonómico (655.000 euros) ou nacional e internacional (1.300.000 euros).

A Deputación convoca tamén un programa de axudas dotado cun orzamento de 400.000 euros e destinado ás entidades deportivas da provincia para mellorar as súas infraestruturas e equipamento durante o ano 2019.

Tamén se dota con 300.000 euros a liña de actividades deportivas de entidades que teñan como finalidade mellorar a con-

dición física, a ocupación activa do tempo de lecer, o deporte afeccionado ou popular, a promoción social dos valores deportivos, ou a organización de actividades de formación.

A área de Deportes reserva tamén 395.000 euros para unha liña de subvencións destinada a apoiar ás entidades sen ánimo de lucro da provincia na organización e desenvolvemento de grandes eventos deportivos, singulares ou de especial interese pola súa incidencia en termos deportivos, sociais ou económicos para o territorio no que se celebran. As entidades organizadoras deben acreditar os recursos materiais e humanos necesarios, o número de deportistas participantes femininas, o seu ámbito, a inclusión da proba no calendario oficial de competicións e o impacto deportivo, social ou económico previsto.

Infraestruturas inviste 275 mil euros en diversas actuacións na rede de saneamento na cidade

A Concellería de Infraestruturas está a realizar diversas actuacións na rede de saneamento.

Na rúa Agra da Bragua a área de Infraestruturas deron comezo as obras de saneamento coa renovación do colector de fecais entre o número 9 da devandita rúa e o cruzamento coa rúa Panamá, nun tramo duns 30 ml. O orzamento da actuación nesta rúa do barrio do Ventrillo é de 22.000 euros.

Por outra banda, na rúa Atenas da Zapateira tamén comezaron os traballos para a construción dunha rede de saneamento separativo, con colectores de PVC para as augas fecais e pluviais, que discurren en paralelo nun trazado duns 140 ml. Ademais, dispórase dunha rede de sumidoiros e rigolas para a condución das augas de



choiva cara a nova rede. Estas obras contemplan a renovación completa do pavimento da rúa e o seu orzamento é de 179.170 €.

Canto aos labores de saneamento que xa foron rematados, e

segundo informa a Concellería de Infraestruturas, a avenida Fisterra e a avenida Nova York xa dispoñen dunha nova rede de saneamento. Na avenida Fisterra renovouse o colector de fecais entre os números 294 e 312 nun tramo duns 70 ml e repuxéronse os pavimentos a carril completo cun orzamento aproximado duns 45.000 euros. Na avenida Nova York, os traballos consistiron na substitución da tubaxe de pluviais entre os números 3 e 5 da devandita vía, fronte ao colexio Fillas de Xesús, nun tramo duns 60 ml. Así mesmo, ampliouse a recollida de pluviais coa instalación dun sumidoiro adicional na zona e renováronse as beirarrúas para unha mellor accesibilidade a contorna do colexio. As obras de saneamento da avenida Nova Iorque dispuxeron dun orzamento de 30.000 euros.

Hosea Kiplimo gañador do medio maratón



Alcaldesa, Inés Rey, e o concelleiro de Deportes, Juan Ignacio Borrego, participaron no Obelisco na entrega de premios da duodécima edición do medio maratón C-21, que congregou a case dous mil deportistas entre as 10.00 e as 12.30 horas e na que se proclamaron gañadores o keniano Hosea Kiplimo e a española Mónica Gutiérrez. O africano bateu

o récord da proba coruñesa cun tempo de 1h02:30, mentres que a atleta de Badaxoz cruzou a liña de meta en 1h13:37.

O percorrido da proba, organizada pola Concellería de Deportes en colaboración coa Federación Galega de Atletismo, partiu dende o Obelisco ata a Dársena de Oza e dende alí ata a rotonda das Ánimas, no dique de abrigo.

"Grifa" aumenta a familia choqueira da rúa San Xosé

A concelleira de Festas, Diana Cabanas, entregoulle unha placa de recoñecemento a Jesús Abruñedo Fraga, "Grifa", como Choqueiro de Monte Alto 2020, que se colocará xunto ás outras que están instaladas na rúa San Xosé, en que se exalta esta figura do Entroido que é, para a edila, algo máis que un disfraz improvisado cunha perruca e unha careta.



A OMIC ofrece charlas sobre consumo responsable

A Oficina Municipal de Información ás Persoas Consumidoras (OMIC) ofrece un Programa de Charlas para persoas Adultas de formación en consumo responsable, que abordarán distintas cuestións como "As novas tecnoloxías na nosa compra" (28 de febreiro), "A banca electrónica" (20 marzo), "Ante as tec-

noloxías, protéxete" (23 abril) e "O comercio electrónico" (20 maio).

As charlas son ás 11.30 horas e teñen carácter gratuito, pero requiren unha inscrición previa, que se pode facer de maneira presencial na propia OMIC, chamando ao teléfono 981 189 820 ou escribindo ao correo electrónico omic@coruna.es

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Galicia

Redacción SANTIAGO

Nove localidades galegas, entre elas Santiago, acollen do 11 ao 20 de marzo o festival internacional de narración oral Atlántica

Do 11 ao 20 de marzo celébrase, en nove localidades galegas, a oitava edición do festival internacional de narración oral Atlántica. Durante estes días están programadas case 60 funcións, máis da metade delas en Compostela. Explicouno a directora do festival, Soledad Felloza, na presentación do evento, na que tamén estiveron presentes a concelleira de Acción Cultural do concello de Santiago, Mercedes Rosón; Xurxo Couto, deputado de Cultura da Deputación da Coruña; e Mayte Argibay Silva, concelleira de Cultura e Educación do concello de Teo.

A gala inaugural terá lugar o 11 de marzo, no Teatro Principal de Santiago, que volverá acoller outra función o día 14. Serán as únicas de pago. Todas as demais

son de balde.

O festival tamén chegará a outras partes do concello. Están previstas actuacións no CEI San Paio-Emna, nun espectáculo pensado para o público infantil; no Colexio La Salle; na aula de pediatría do CHUS; nos centros socioculturais de Fontiñas, de Santa Marta e de Vite; no Centro Xove da Almaciga; na Biblioteca Ánxel Casal; na igrexa da Universidade; no Auditorio de Galicia e na praza de Cervantes.

Aparte de Compostela, están programadas funcións en Ferrol, Pazos de Borbén, Lalín, Teo, Bertamiráns, A Coruña, Ourense e Vigo. A clausura está prevista para o venres, 20 de marzo, na Cidade da Cultura, coincidindo co día internacional da narración oral.

Artistas

Historias que serán contadas por máis dunha vintena de artistas, chegados de distintas partes da Península Ibérica e de Sudamérica. Contadores de contos, como Sandra Araguas, de Huesca; Fernando Saldaña, de Salamanca; Aline Cântia e Chicó do Céu, que chega desde Brasil; Carolina Rueda, de Colombia; Noelia Carioca, de Salamanca; José Luis Gutiérrez, de Zamora; Ghaleb Jaler, de Siria, que recompilou os relatos que lle contaba o seu avó nun libro; Sofia Maul, de Madeira, en Portugal; Rubén Martínez, de Venezuela; o músico coruñés Pablo Díaz; e os tamén galegos Marcelo Dobode, Luís Prego, Cris de Caldas, María da Pontagha, Olga Abad, Raquel Queizás, Antonio Reigosa, Ramiro Neira, Charo Pita, Celso F. Sanmartín,



Quico Cadaval e Santi Prego, candidato aos Premios Goia. Tamén están previstas actuacións de Dani Blanco, e Lidia Luna.

Ademais están programadas actuacións da directora do festival, a galego-uruguia, Soledad Felloza; do Grupo de Contadores da Almaciga; e da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela,

dirixida por Casiano Mouriño.

Na presentación, Soledad Felloza destacou o evento que terá lugar o 14 de marzo, ás 13:00 h. na praza de Cervantes e nas rúas da contorna, "Gaita, zumba", con Luís Prego e Pablo Díaz; ao que se unirán distintos bares da cidade histórica servindo tapas típicas da dieta atlántica.

A carroza "Mad Max" e a comparsa "Vikings Conxo" gañan o concurso do desfile do Entroido

Compostela viviu o día grande do Entroido con tradicional desfile polas rúas da cidade. Os participantes concentráronse na avenida de Ferrol para logo desfilar polas rúas de Frei Rosendo Salvador, praza Roxa, República do Salvador, Hórreo, Senra e avenida de Xoán Carlos I. Este ano destacou a participación dos barrios e parroquias coas súas diversas comparsas. A entrega de premios celebrouse na Sala Capitol, coa presenza do alcalde, Xosé Sán-

chez Bugallo, e doutros integrantes da Corporación.

A triunfadora da noite na modalidade de carrozas foi a denominada "Mad Max", que levou o premio de 3.000 euros. Segunda e terceira clasificadas quedaron "O Imperio de Nefertiti" e "Peter! Voamos", que levaron, respectivamente, 2.000 e 1.000 euros.

Na categoría de comparsas, o xurado elixiu como gañadora a titulada "Vikings Conxo", que recibiu un galardón de 2.500 euros. "Fadas e grilos", e "Dando luz ao



A mellor comparsa, "Vikings Conxo", tras recibir o seu premio.



"Mad Max", carroza gañadora desta edición do concurso-desfile.

Carnaval" quedaron en segundo e terceiro lugar, levando 2.000 e 1.000 euros, respectivamente.

Tamén recibiron premios especiais as mellores comparsas dos barrios e parroquias de Santiago de Compostela, que se fixeron con 1.000, 800 e 600 euros como agasallo. As triunfadoras foron, por esta orde, "As froitas da Ruliña", "O cambio climático" e "Éche o que hai".

O xurado elixiu a "Viaxando ao Entroido", "Tormenta anun-

ciada" e "Pokemon" como os mellores grupos caracterizados. Para eles foron os premios de 800, 400 e 200 euros.

A parella máis orixinal foi a denominada "Manter vivos os records", que recibiu un premio de 400 euros. Finalmente, os mellores disfraces individuais foron "O trasgo e o seu bebé dragón", "O dragón máxico de reciclaxe" e "Lucas, cámara, acción", premiados con 300, 200 e 100 euros, respectivamente.

Últimos días para solicitar as axudas do Consorcio para mellorar inmobles da cidade histórica



Edificio rehabilitado polo Consorcio.

O Consorcio de Santiago ten en marcha unha nova convocatoria do programa Ter é manter, dirixido ao mantemento e mellora da eficiencia enerxética da envolvente exterior dos edificios da cidade histórica de Santiago, que inclúe ademais as actuacións sobre os elementos especiais de madeira e reixas. O organismo interadministrativo destinará a esta convocatoria un importe global de 300.000 euros. O prazo para solicitar estas axudas remata o vindeiro 2 de marzo.

Por Moncho Mariño

Entrevista Miguel Mosqueira, compoñente de “Ataque Escampe”

“Non teño a sensación de que Ataque Escampe sexa referente de nada”

Miguel Mosqueira é o guitarra e un dos compositores de Ataque Escampe, o grupo que quentara as orellas aos máis conservacionistas co disco “Galicia es una mierda”, e que por contra, ofreceu xoias como “Violentos anos dez” ou “Noites de Agosto” ademais de vídeos que de seguro, os máis puristas non quixeron ou non souberon ver. En tal caso, Miguel atende a nosa chamada para falarnos do novo disco, “A Alma”. Un alegato a prol da reconstrución do ser humano desde a filosofía e senón, por favor, lean.

-Explícanos o título deste traballo.

O título “A Alma” púxose por dúas razóns. A primeira é que son tres cancións, tres historias en referencias ás tres particións que fixera Platón da alma humana. A parte racional, a parte emocional e a parte dos desexos. A outra razón é que o son do disco é vaporoso, etéreo na maneira en que está gravado e producido. Esa concepción inmaterial encaixa co concepto de alma e ademais, agora que o penso, dentro do mundo actual, que importa tanto a vida virtual, non deixa de ser unha vida incorpórea ou inmaterial, que tamén conecta coa idea clásica de Platón sobre a alma.

-A pregunta que seguro vos fixeron un millón de veces, por tanto a pregunta do millón. Quen compón as letras, hai consenso que sexa un dos componentes ou hai unha participación colectiva?

Para este disco escribíronse

tres letras, cada unha por unha persoa diferente. Logo os demais, hai unha proposta inicial, logo o resto do grupo valora e corrixe e participa dentro do resultado final. Mais o impulso inicial no noventa e cinco por cento das letras ten sido individual.

-Entón “A Alma” reflicte o estado da alma de cada unha das persoas que compuxo a súa canción?

Non son letras autobiográficas, ás veces responden a intereses persoais mais logo escoitámolas entre todos e buscamos de darlles unha conexión. Nós distinguimos moi ben que escribiu cada letra, con todo a maioría non sabe se foi a mesma persoa ou persoas diferentes as que escribiron as letras.

-Por que o formato do EP, con só tres cancións?

Xa fixeramos un EP, “Noites de agosto” porque todas as cancións respondían a ese concepto, non necesitábamos máis. Agora fixemos



estas porque estas cancións estaban aí, formaban parte dunha etapa e cunha entrada e epílogo vimos que funcionaban. Por iso decidimos xuntalas e logo xa pensaríamos en novos discos e cancións. Tamén por pragmatismo, porque gravar vinte minutos é máis simple que gravar corenta, así podes levalo máis controlado.

-Se un mira a foto promocional, un ve que a familia “Ataque Escampe” medrou.

Con respecto á formación anterior, foise Álvaro da batería e que substituímos por Cibrán, un cambio natural. Despois foise Roi que cantaba e foi substituído por

Alex, e logo acrescentamos a Julio, por iso agora somos seis e non cinco. Julio no último disco de 2017, traballou na produción, non facía concerto pero ía a eles e estaba metido na dinámica do grupo. Así decidimos metelo no grupo e explorabamos o son dos teclados.

-Sempre que gravades un vídeo, sae moita xente ademais das coñecidas, de onde sacades, asiáticos, centroeuropeos, eslavos e outras étnicas por descifrar para as vosas aportacións audiovisuais?

Moitos dos vídeos están feitos por xente que son allea a nós. Eles deciden quen sae e son per-

soas que non coñecemos. Cando participamos durante a realización do vídeo pois buscamos quen pode encaixar mellor dentro. Mais tampouco penso que haxa tanta xente.

-Estades a coroarvos como o grande grupo alternativo en Galicia?

Non creo, porque realmente en Galicia hai grupos que en galego e no musical hai escena alternativa que ten máis proxección que Ataque Escampe. Nós levamos bastantes anos, vémolo desde outra perspectiva, mais eu non teño a sensación de sermos referentes de nada.

Ana Miranda coas mulleres do mar

O BNG facilita que unha delegación do sector pesqueiro galego participe nas xornadas europeas Mulleres na Pesca.

Nas xornadas europeas “Mulleres na Pesca” que se celebrou en Bruxelas, a portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, destacou que é imprescindible dar un forte impulso á visibilización do traballo das

mulleres no mar -como redeiras, mariscadoras, e traballadoras das conservas e das empresas dos produtos do mar-, e as súas situacións laborais específicas, nas que a desigualdade e a nota predominante.

Este esforzo de visibilización ten que ir acompañado por unha política económica que se reflicta nos vindeiros fondos europeos e que supoña unha mellora efectiva

da situación das mulleres neste sector produtivo.

A delegación de mulleres galegas mantivo diversas reunións para afondar nestas cuestións. O martes 25 a xornada desenvolveuse baixo o título “Creación de capacidades-formación: unha introdución ás políticas pesqueiras da UE e os dereitos das mulleres”. Neste marco, representantes de



varias asociacións galegas do sector pesqueiro participaron na mesa

redonda na que tomaron a palabra as súas representantes.

Gonzalo Caballero presenta a súa candidatura: “Quero ser presidente para devolverlle a esperanza aos galegos e ás galegas”

Pedro Sánchez destaca que Gonzalo Caballero “dá a cara e non se esconde” mentres Feijóo “agocha ao PP” porque representa “corrupción e retroceso social”

O líder dos socialistas galegos, Gonzalo Caballero, presentou en Santiago a súa candidatura á presidencia da Xunta “para devolverlles a esperanza aos galegos e ás galegas”. Así o dixo nun acto multitudinario que contou coa presenza do presidente do goberno, Pedro Sánchez, no que tamén estiveron o presidente Touriño, os alcaldes e os presidentes das deputacións.

“Quero ser o presidente do cambio, o presidente das solucións, o presidente que lles devolva a esperanza e o entusiasmo aos homes e mulleres de Galicia”, proclamou Gonzalo Caballero ante máis de 1.500 persoas, e presentou o seu proxecto fronte a un Feijóo que “cando Galicia máis sufría, pechouse en Monte Pío e esqueceuse dos galegos e das galegas”, aos que lles “pechou as portas da Xunta”.

Puntualizou que “todos coñecemos centos de persoas abandonadas por Feijóo, e é coa forza, coa coraxe de toda esa xente, coa que os socialistas imos facer esta campaña”, para que “o PSdeG, todos nós, e eu o primeiro, sexamos a esperanza de toda a nosa xente”. Advertiu que “os cambios non pode facelos quen fixo os recortes”: “Quen creou os problemas non pode aportar as solucións”.

Caballero remarcou que fronte “á década prodixiosa que Feijóo quere facernos crer”, esta década “nefasta” foi “a peor etapa democrática de Galicia”. “Os que recortaron as pensións, os que recortaron os salarios non os van devolver nunca”, incidiu. Sinalou que “mentres outros gobernantes buscaban impulso para os máis desfavorecidos, Feijóo pechaba camas nos hospitais, escolas rurais, e recortaba en políticas sociais e políticas activas de emprego”.

Sinalou a falla de emprego, os datos demográficos e o despoamento do rural, e os recortes sociais impostos polo PP durante os últimos 11 anos, especialmente na sanidade, como grandes problemas de Galicia. Comprometeu así unha “nova política económica a favor do emprego, unha nova política de vertebración territorial e unha nova política social”.

Enfronte situou a un Feijóo que “rompeu o seu contrato con Galicia” a costa de “recortes na sanidade, na educación ou na dependencia, que non fixo unha soa nova residencia” e que “o que fixo cos dereitos sociais non ten perdón”.

Alianza social

Neste escenario, o candidato socialista fixo un chamamento a unha “alianza social para revitalizar Galicia”. “Fronte a un proxecto



esgotado, temos que sacar adiante un proxecto de futuro; fronte a un proxecto conservador, temos un proxecto de progreso”. Defendeu unha “estrategia de país e de compromiso dende o diálogo e tamén da firmeza” mentres Feijóo sitúase como “adalid da maior estrategia de confrontación”.

Subliñou que “o meu compromiso é Galicia, traballar a carón dos galegos e as galegas, con total lealdade e firmeza para cumprir con Galicia e que teña o que lle corresponde con diálogo co presidente do goberno”.

Fixo un chamamento a “todo o PSdeG, a todos e cada un dos 10.000 militantes, alcaldes, alcaldesas e representantes institucionais, porque non hai un minuto que perder ata as eleccións do 5A” fronte a un Feijóo “noqueado en tódalas convocatorias

electorais do ano 2019”.

Defendeu a “igualdade e a xustiza social” na defensa de “Galicia e do galeguismo integrador” e asegurou: “Sinto Galicia e a defendo dende unha perspectiva inclusiva e internacionalista”. E logo de 20 anos de militancia no PSdeG, dixo, “sempre con lealdade, comprometido, con criterio propio pero lealdade ao partido, eu non agocho as miñas siglas”.

Feijóo agochado

Sánchez tomou ese argumento para subliñar que, fronte a un Gonzalo Caballero que “dá a cara e non se esconde”, a frase “Feijóo esconde” conta con 189.000 referencias en internet. Advertiu que “o que Feijóo esconde son as siglas do PP, que tanto en Galicia como en España significan corrupción, retroceso social, Pemex ou a foto de Colón, onde Feijóo

tamén estaba, pero escondido”.

O secretario xeral do PSOE e presidente do goberno apostou polo proxecto socialista de Caballero que “defende o diálogo fronte á confrontación, e a exemplaridade fronte á corrupción”. Defendeu o seu compromiso con Galicia dende o goberno central na defensa da industria e do sector lácteo, coa chegada do AVE “no próximo ano tras anos de abandono do PP” e avanzou que estará “volcado co Xacobeo”.

A encargada de abrir o acto de presentación da candidatura de Gonzalo Caballero foi a actriz galega Berta Ojea. A continuación interviron o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo; e o alcalde de Vigo e presidente da FEMP, Abel Caballero, quen dixo que “a esperanza de Galicia ten un nome: Gonzalo Caballero”.

“A hora do cambio”, lema de precampaña presentado por Gonzalo Caballero

O candidato do PSdeG á Presidencia da Xunta, Gonzalo Caballero, presentou o lema que o acompañará nesta precampaña, ‘A hora do cambio’. “É a hora de dar a Galicia un goberno de progreso”, reivindi-

cou, antes de subliñar que “temos as pilas cargadas”.

“Queremos construír unha nova etapa no país, traballando polo país que queremos cun cambio en positivo no que os galegos e as galegas poden confiar”, resaltou

Gonzalo Caballero, partidario de desenvolver un proxecto “que pense nas persoas, no benestar, no progreso” en torno aos valores “de xustiza social, do feminismo, do ecoloxismo, da defensa dos servizos públicos”.



Alumni USC prepara unha exposición sobre o Camiño de Inverno: De Ponferrada a Compostela

Cincuenta fotografías e varias pezas etnográficas integran a colectánea que se poderá ver en Monforte e Santiago

Por Manolo Fraga

Camiño de Inverno. De Ponferrada a Compostela é o proxecto social e expositivo que a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Univesidade de Santiago (Alumni USC) quere achegar á celebración do Xacobeo 21, entidade que o subvenciona co setenta por cento do presuposto. “Veremos unhas cincuenta imaxes, representativas das heroínas e anfitrións do Camiño, acompañados dos lugares emblemáticos. Como complemento, a mostra disporá de varios obxectos que simbolizan a cultura fluvial, vinícola e arqueolóxica do Ecomuseo de Arxeriz. E o Museo Etnográfico de Quiroga

achegará unha selección de elementos relacionados coa produción de aceite”, segundo explica José Manuel Ortigueira Bobillo, director do proxecto e autor das

fotografías, que se exhibirán en formatos de gran tamaño. O mes de marzo poderá verse en Santiago, nos vestibulos e corredores do Hotel Puerta del Camino, cuxa



Raúl Díaz (artesán pizarra) e José Rúa (autor guía).



inauguración institucional está prevista para o 29 de febreiro. Posteriormente, viaxará a Monforte de Lemos, para ser instalada na Casa da Cultura, onde permanecerá o mes de abril. Finalmente, unha parte da mostra regresará a Santiago para ser exhibida durante o mes de maio no Mercado La Galiciana, empresa copatrocinadora do proxecto xunto con Oca Hotels.

Alumni USC asumiu o reto de plasmar nunha exposición a “realidade viva” do Camiño de Inverno, destacando o traballo das persoas que contribúen ao seu desenvolvemento, con especial atención á economía rural e social, segundo explica Ortigueira. “E

para poñelo en marcha, instrumentouse un plan de colaboración público-privada que permitiu obter os recursos necesarios e a implicación das entidades máis significativas”, conclúe. Este traballo de investigación supuxo retratar a cada persoa na súa ocupación ou coa que ten un vínculo especial. “Todas e cada unha –agrega o director do proxecto– amosáronse receptivas a esta iniciativa, sendo conscientes de que cómpre unha maior colaboración e coordinación entre a Administración e as asociacións sociais e culturais, para engrandecer e proxectar o Camiño de Inverno”.

A presidenta de Alumni USC, Benita Silva, está “entusiasmada”

Continúa na páxina seguinte...

Novas Conchas
Comida caseña.
Menú do día.
Xantar por encargo para grupos.
Terraza climatizada para fumadores.
Rúa Velázquez, 17
O COUTO. Ourense
Tfno 627 92 24 76

GLABISTRÓ gastrobar
Praza dos Suaves, 12. Casco Vello. Ourense. 605 03 44 87
Aqui cocíñase con agarimo.
Aqui se cozinha com amor.

Adega Vella
Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfno. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com
Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Orixe

café-karaoke
rias baixas 2
Rúa Eulogio Gómez Franqueira, 55.
Tfno. 988 21 80 09
OURENSE

Comidas 24 horas | Ampla terraza exterior | Todo tipo de prensa | Zona wifi

Reportaxe

Redacción

... Ven da páxina anterior.

Alumni USC prepara unha exposición sobre o Camiño de Inverno: De Ponferrada a Compostela

coa iniciativa: “Trátase dun modelo exemplar de alianzas entre o sector público e privado a partir dunha idea brillante e acaída. É un proxecto que nos fará sentir orgullosos a todos os socios, ao tempo que lle estou moi agradecida ao grupo de sendeirismo polo seu alento e participación, e especialmente a Jose Ortigueira por tanto esforzo e entusiasmo liderando o conxunto do programa”. De feito, a exposición incluírá un panel con fotos realizadas ao chou polos propios camiñantes.

Bierzo e Valdeorras

Entre trinta e corenta persoas de Alumni USC realizan o Camiño de Inverno en sábados ciscados, facendo partícipes da súa andaina ás tres asociacións de amigos deste ruta xacobeá: El Bierzo, Valdeorras e Ribeira Sacra. Na súa recente chegada a O Barco

estiveron acompañados por José Rúa Pérez, coronel santiagués e autor da primeira guía deste trazado, da que se acaba de publicar a quinta edición. “Este camiño, ao seu paso por Valdeorras, – indica Rúa– está moi ben sinalizado. Agora toca melloralo ás Administracións”. Ao cruzar a parroquia de Éntoma, o artesán local Raúl Díaz explicou as súas figuras en pizarra ao pé da ponte Galir: “A min gústame facer cousas para o pobo. Primeiro fixen un neno, logo un peregrino e, finalmente, unha señora sentada lendo o libro desta ruta”. Díaz é un dos seus anfitrións.

Logo do xantar común, a presidenta de amigos do Camiño por Valdeorras, Asunción Arias, puxo en valor o “labor voluntario” que están a facer as asociacións e convidou aos peregrinos presentes

a “unir” os corazóns para “trocar” o mundo para mellor. A entidade foi fundada en 1999 por Ramón García, posúe 137 socios e todos os outonos uns cantos fan o camiño ata Santiago en xornadas consecutivas. “A principal necesidade son os albergues. Aquí, no Barco, fai falta un. Aínda que as compostelas entregadas en 2019 foron arredor de mil cen, os nosos rexistros de peregrinos que pasan por aquí din que son case seis mil, e crecendo cada ano”, segundo advirte Arias, que foi hospitaleira ata o ano pasado e unha das heroínas da exposición.

Nas dúas etapas anteriores, pola comarca do Bierzo, o grupo de camiñantes foi atendido polo hosteleiro de Borrenes Saturnino Astando, que xunto a dous amigos resucitaron a asociación xacobeá no 2016, ano en que Galicia fixo oficial esta ruta, non así Castilla y León. “Una pena que nuestra autonomía no haya hecho los deberes, pero el Camino es futuro por donde va y asentamiento de población”, segundo indica Astando –outro anfitrión retratado–, que cifra en dous mil os peregrinos que pasaron por esta terra berciana o ano pasado, “con un alto porcentaje de extranjeros de países tan lejanos como Australia, Sudáfrica o Alaska (USA)”.



José Manuel Ortigueira (director proxecto), Sonia Rodríguez (xornalista local), José Rúa e Asunción Arias (presidenta Amigos Camiño por Valdeorras).



Foto campás de Santa María de Nogueira de Miño.



Mirador das Médulas.



Adegas do Ribeiro recibiron acreditación internacional



Representantes das adegas cos diplomas.

O consello regulador de denominación de orixe Ribeiro entregou en Arnoia os certificados de produto a 81 das súas adegas, de conformidade coa normativa UNE-EN-ISO/IEC 17065, unha acreditación internacional lograda polo consello regulador, cumprindo así as esixencias derivadas da OCM do viño para todas as indicacións de calidade europeas. A D.O. Ribeiro logrou a "acreditación para a certificación de produtos do sector agroalimentario" a finais do pasado ano e actualmente hai un total

de 81 adegas certificadas, é dicir, que superaron un proceso de avaliación rigoroso, conforme ao manual de calidade e prego de condicións do consello regulador.

Este histórico acto tivo lugar na antiga Cooperativa do Pemento de Arnoia e contou coa presenza do alcalde do Concello de Arnoia, Rodrigo Aparicio, o director da Axencia Galega da Calidade Agroalimentaria (AGACAL), Manuel Rodríguez, a xefa do departamento agroalimentario da Entidad Nacional de Acreditación (ENAC), Elisa Gredilla e o presidente do

C.R.D.O. Ribeiro, Juan M. Casares. Este último, sinala que con este acto "culminamos un proceso iniciado hai uns anos co desenvolvemento e implantación do manual de calidade e prego de condicións, feito que fixo que recibíramos da ENAC a acreditación segundo os criterios recollidos na norma UNE-17065 para a certificación dos viños amparados pola D.O. Ribeiro". Juan Casares confía en que este logro "coloque ao Ribeiro no camiño da excelencia e sirva coma revulsivo nun mercado global cada día máis esixente e competitivo".

Vilar de Santos abriu o primeiro hostel rural

Durante o entroido abriu as súas portas o primeiro hostel rural da provincia de Ourense na antiga escola do Concello de Vilar de Santos. A sociedade cooperativa Xeitura será a responsable da súa xestión por tres anos de concesión co fin de "dinamizar e poñer en valor todos os atractivos paisaxísticos, culturais, naturais e gastronómicos da Limia e especialmente da Reserva da Biosfera Área de Allariz", apunta o ambientólogo Raúl Fernández, coordinador das instalacións.

Cunha estética claramente inspirada no contexto rural e natural no que está emprazado, o hostel conta con 6 habitacións con capacidade para un máximo de 28 persoas. "Dispoñemos de

aloxamento para grupos de 8, 6 ou 4 persoas pero tamén habitacións privadas para parellas ou persoas que viaxan en solitario", incide Raúl Fernández. E é que ademais dun lugar onde durmir A Escola, nome que manteñen do seu antigo uso como centro escolar rural, tamén dispoñen de varias zonas comúns como salón, zona de xogos, comedor, cociña, xardín, taller para bicis e ata un rocódromo. Así é que se pretende, nas súas palabras, "non só ofertar un lugar onde durmir, senón un lugar sociable no que todo pode suceder. Un lugar no que vivir unha experiencia extraordinaria, potenciando a creatividade o intercambio de coñecementos. O punto de inicio dun sen fin de aventuras".

Rutas en bicicleta pola antiga Lagoa da Antela, rutas de sendeirismo polo corazón da reserva da Biosfera de Allariz, varios eventos culturais, formativos e recreativos son só algúns dos exemplos cos que se pretende dinamizar o municipio e a comarca dende este hostel. Actividades que a criterio do seu alcalde, Xan Jardón, "encaixan perfectamente co proxecto que sempre defendemos para Vilar de Santos, un concello que acolle e apoia á mocidade e a súa iniciativa emprendedora. A Escola é para o noso grupo de goberno outra aposta das moitas que temos impulsado cara un modelo de desenvolvemento propio, que poña en valor os nosos recursos con proxectos innovadores e singulares".

O BNG denuncia a situación "lamentábel" da cociña do Hospital



Noa Presas en rolda de prensa.

A membro da executiva nacional do BNG, Noa Presas, denunciou a situación de insalubridade da actual cociña do Complexo Hospitalario de Ourense (CHUO) despois da denuncia das traballadoras. Presas culpou á Consellería de Sanidade de non facer nada e exixiu a apertura da nova cociña do CHUO así como ampliar a plantilla do persoal da cociña.

"É unha situación que chove

sobre mollado que só se explica pola inacción da Xunta de Galiza e que debe ser corrixiada de forma inmediata" sinalou Presas ante a denuncia feita polas traballadoras da cociña do CHUO. Asemade, continuou preguntando canto tempo vai tardar o Conselleiro Almuíña en vir dar explicacións: "está para clausurar, ademais da cociña, a Consellería de Sanidade por este espectáculo lamentábel" explicou.

Celebracións deportivas portuguesas foron presentadas en Expourense



Presentación de Transcávado.

Os expositores de Xantar 2020 non só presentaron en febreiro en Expourense os seus recursos gastronómicos, tamén os distintos eventos deportivos que atraen a un gran público. Durante a feira gastronómica foron presentadas probas deportivas como: Promoción das Probas do Mundial de Rallycross de Montalegre (CIM Alto Tamega) que se celebrarán o 2 e 3 de maio. Tamén se presentou o Rally do

Ato Tamega do Campionato de Portugal de Rallies, o cal contará coa Copa Suzuki de España 2020. Promoción das Probas da Rampla Internacional de Boticas (CIM Alto Tamega) que se celebrarán do 8 ao 10 de maio. 1º Circuito Internacional de Vila Real, Vila Real, Portugal. WTCR Portugal Taça do Mundo FIA de Carros de Turismo 2020; do 19 ao 21 de xuño e Transcávado BTT GPS, de Esposende a Montalegre o 3 e 5 de outubro.

Monforte licita as obras do Parque de Cobas

O Concello de Monforte anuncia a publicación da licitación das obras de acondicionamento do Parque de Cobas. Para levar a cabo o financiamento destas obras, o Concello asinou un convenio coa Deputación Provincial de Lugo o pasado 3 de decembro de 2019, en virtude do cal o ente provincial asumirá o custe das obras, mentres que o Concello aboará os 4.840 euros correspondentes á redacción do proxecto e a dirección de obra.

O prazo de execución das obras será de 5 meses. O proxecto foi elaborado pola empresa monfortina Abante e describe as obras e actuacións necesarias para o acondicionamento de dita zona, situada a carón do río Cabe e da lagoa da Pinguela. Configúrase este proxecto como continuación deste parque, que foi acondicionado por varios obradoiro de emprego, e preténdese, coas novas actuacións proxectadas, rematar as actuacións neste parque.

Acondicionamento

A zona descrita acondicionarase levando a cabo en primeiro lugar

a regularización do terreo actual, rebaixando onde sexa necesario e reenchendo nas zonas en que tamén se precise, e a súa preparación para o sementado de céspede, o que permite acabar de acondicionar esta zona. Neste senso, preténdese acadar unha pendente suave en tódolos desniveis existentes co fin de que permita o traballo de maquinaria cortacésped e facilite o seu mantemento.

Do mesmo xeito, acondiciónase unha senda-paseo peonil na parte central do parque, na zona situada máis ó nacente, dende o paseo existente. Asimesmo, creárase unha nova senda na zona oeste, unha vez corrixida a topografía existente nesa zona. Estas sendas peonís serán de pavimento de xabre estabilizado con bordos de madeira, o mesmo material dos paseos que xa existen e que foron construídos pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Nunha zona situada ó noreste da zona de actuación, colocárase unha varanda de madeira tratada, similar ás varandas existentes e colocadas pola Confederación Hi-



Plano do acondicionamento do parque.

drográfica nos paseos antes mencionados, como separación da zona pública e as parcelas privadas, e para completar a varanda xa existente. En toda a zona verde procederáse á semente de céspede, coas actuacións previas necesarias. A zona na que se actúa xa ten unha instalación de rega automática, pero será necesario modificala e adaptala á nova distribución e topografía nalgunhas zonas.

Dotarase a toda a zona dunha instalación de alumeadado público

da que carece neste momento, e que está composta por columnas e luminarias tipo LED, con liñas de alimentación soterradas. Tamén se construírán dúas zonas de rocalla e arbustos ornamentais, unha preto da ponte da Pinguela e outra no centro do cruce das dúas sendas peonís que se executarán na zona leste. Do mesmo xeito, colocaranse bancos de madeira e papeleiras neste entorno do parque, que serán do mesmo modelo dos que alí xa existen.

Feira de Oportunidades en Monforte

A vindeira fin de semana, os días 29 de febreiro e 1 de marzo, no espazo dos Mercados da Praza de Abastos de Monforte celebrarase unha nova edición da Feira de Oportunidades de Inverno organizada polo Centro Comercial Urbano (CCU) e coa colaboración do Concello de Monforte. No certame participarán 17 establecementos comerciais de Monforte: profesionais do sector da moda, calzado, bebé, complementos, decoración, mercería que ofertarán aos asistentes grandes descontos de fin de tempada, superando nalgúns casos o 70%. O horario da Feira de Oportunidades de Inverno contempla xornadas de mañá e tarde: O sábado 29 de febreiro abrirá de 10:00 a 13:30 e de 17:00 a 20:30 horas. O domingo 1 de marzo o horario será de 11:00 a 13:30 e 17:00 a 20:30 horas. Nas dúas xornadas, a entrada será gratuíta.

Guías profesionais de visita en Monforte

Máis dunha trintena de guías profesionais de Galicia visitaron Monforte para coñecer a riqueza do seu patrimonio e cultura xudías. Esta visita enmarcouse dentro do programa de actividades planificadas arredor das xornadas "Os Xudeos e Conversos en Galicia: os seus lugares, a súa historia" que se celebraron onte en Tui, organizadas pola Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia.

Deste xeito, os profesionais do turismo achegáronse ó mediodía para desfrutar da gastronomía da cidade do Cabe, e tras o xantar foron guiados polos lugares máis destacados da xudaría monfortina pola primeira de alcalde do Concello, Gloria Prada, e polo historiador local, Felipe Aira. Ambos, acudiron onte a Tui para dar a coñecer o valor do pasado sefardí de Monforte, tanto dende o punto de vista artístico,



Os guías profesionais no barrio xudeo de Monforte.

coma cultural e patrimonial, valores que supoñen un importante potencial turístico para a cidade.

Unha vez concluída a visita, e antes de retornar a Tui, os visitantes que quixeron degustaron un viño da Ribeira Sacra no Centro do Viño e foron obsequiados coa guía turística oficial da cidade e cun plano da mesma.

Dende o equipo de goberno de Monforte, valórase moi posi-

tivamente este tipo de xornadas divulgativas, nas que tamén participaron as outras dúas cidades con pasado xudeo en Galicia, Tui e Ribadavia, xa que permiten, como foi neste caso, dar a coñecer ós profesionais do sector turístico a importante oferta coa que conta a cidade de Monforte a nivel histórico, gastronómico, artístico e cultural, como capital da Ribeira Sacra.

Recepción ó piloto monfortino Eduardo Iglesias polo seu éxito no Dakar



O acto celebrouse no Consistorio de Monforte.

O rexidor municipal de Monforte, José Tomé Roca, recibiu, acompañado polo concelleiro de Deportes, José Manuel Mougán, a Eduardo Iglesias, piloto monfortino de motos que participou na última edición do rally Dakar, disputado en Arabia do 5 ó 17 de xaneiro. Nunha conversa distendida co alcalde, o piloto fíxolle partícipe da súa experiencia na dura competición

que se desenvolveu o pasado mes de xaneiro, na que Iglesias logrou non só concluír a competición, senón tamén rematar por debaixo do top 100, concretamente no posto 94. O rexidor municipal fíxolle entrega dun trofeo conmemorativo, unha réplica da Torre da Homenaxe da cidade, mentres que o piloto monfortino obsequiou cunha camisola oficial co seu dorsal, o 154.

O alcalde de Monforte participou na Asemblea do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

O alcalde de Monforte e presidente da Deputación de Lugo, Jose Tomé Roca, acompañado pola primeira tenente de alcalde, Gloria Prada, participou na 28ª Asemblea Anual do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular. Unha reunión á que asistiron alcaldes e concelleiros das 35 entidades que conforman este grupo coa finalidade de establecer as liñas de accións deste ano 2020.

O alcalde, na súa intervención, puxo en valor o impulso do Goberno central á mellora das comunicacións en tren da provincia de Lugo co resto de Galicia e da Meseta, mentres a Xunta segue mantendo paralizados proxectos

fundamentais como o porto seco de Monforte. Tomé defendeu que houbo avances importantes en relación aos contratos asinados co Adif no referente a electrificación da liña de Monforte a Lugo por importe de 65 millóns de euros, ou a licitación por importe de máis de 1 millón de euros do contrato para a redacción dos proxectos de ampliación das estacións do tramo de León a Monforte.

O rexedor municipal referiuse tamén ao ramal noroeste do Corredor Atlántico de mercadorías. Explicou que as obras comezaron por acondicionar un treito de 80 quilómetros de Monforte a Covas, para o que Adif licitou a redacción

do proxecto por 3,36 millóns de euros, “pero queda a parte importante que é a de superar o Manzanal”. José Tomé Roca defendeu que as mercadorías poderían confluír en Monforte, para evitar que pasen innecesariamente por Vigo e logo saír cara León-Palencia “onde se xuntan co corredor que vén de Abeiro (Portugal) e así colocar as mercadorías da fachada atlántica portuguesa e galega no corazón de Europa”.

Outros retos

Entre os retos que vai afrontar o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular no próximo ano está a reivindicación de outras infraestruturas. No impulso das rodovías, Tomé defendeu a importancia



A Asemblea celebrouse na localidade portuguesa de Matosinhos.

da A-76 que une Ponferrada, co Barco, Monforte e Ourense “unha infraestrutura vital para o interior de Galicia” ou o tramo pendente da autovía Lugo-Santiago.

O mandatario municipal falou tamén da necesidade de desbloquear neste 2020 o porto seco de Monforte “tanto no que se

refire na cuestión parcelaria dos terreos, como no acceso cara a unha vía de alta capacidade como é a N-120”.

José Tomé Roca reivindicou finalmente converter en autovía o corredor Nadela- Monforte na súa integridade, para conectar a capital da provincia coa A 76.

A Xunta reconece a Ribeira Sacra como Área de Rehabilitación Integral Supramunicipal

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, informou na rolda de prensa de Consello da Xunta, da declaración da Ribeira Sacra como nova Área de Rehabilitación Integral Supramunicipal. Esta área de rehabilitación, dixo, comprenderá un total de 25 concellos das provincias de Ourense e Lugo coas súas correspondentes 433 parroquias e cunha superficie total de 3.000 quilómetros. O obxectivo final da ARI será a rehabilitación de arredor de 2.000 vivendas durante os primeiros dez anos, ademais das obras de reurbanización e urbanización que realicen os concellos.

Máis polo miúdo, Feijóo explicou que con esta declaración poderanse realizar actuacións de mellora nas vivendas situadas nestes núcleos de poboación e nas instalacións públicas, tanto vías de comunicación como espazos de relacións. Segundo o estudo previo realizado, un 35% das vivendas atópanse en estado



O río Sil visto desde o miradoiro de Cabezoás, en Parada de Sil.

regular ou malo e o 5% restante en estado ruinoso

Sobre este punto, o titular da Xunta subliñou que dado que este é un territorio que se caracteriza pola súa dispersión e por contar con moitas vivendas susceptibles de ser rehabilitadas, é preciso realizar unha intervención conxunta para: a rehabilitación e renovación de edificios, a mellora da eficacia enerxética, a mellora das condicións de seguridade e

acesibilidade, o aumento da ocupación dos edificios, a mellora das instalacións públicas de auga e enerxía e a mellora da calidade do medio urbano.

Ao abeiro da área de rehabilitación os propietarios das vivendas poderán obter ata un máximo de 16.000 euros de axuda por actuación e os concellos percibirán ata 2.000 euros por vivenda rehabilitada para facer obra pública.

A Hidrográfica finaliza as reparacións no arroio Malloadas



Arroio Malloadas en Monforte de Lemos.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, finalizou as obras de reparación da obra de defensa afectada polas crecidas na marxe dereita do Arroio Malloadas ao seu paso polo centro urbano de Monforte de Lemos, declaradas de emerxencia polo Consello de Ministros celebrado o 28 de xaneiro de 2020.

Executouse un dique de perpiño de 27 m de lonxitude e 2,20 m de altura media, repo-

ñéndose o peitoril anteriormente existente e as instalacións de iluminación pública. Igualmente procedeuse a estender unha capa de aglomerado asfáltico de similares características á que existía anteriormente.

Os traballos completáronse cunha mellora da drenaxe das augas pluviais que discorren pola rúa co fin de asegurar a estabilidade da nova estrutura e evitar novos derrubes. Estas obras de emerxencia, que deron comezo o pasado 9 de xaneiro, supuxeron un investimento de 56.976,42 €.

O Concello de Sober aprobou os orzamentos que reforzan o gasto social

O Concello de Sober vén de aprobar, cos votos a favor do grupo de goberno e a abstención de Agroma Sober e o PSOE, os orzamentos para 2020 nos que prima o gasto social e o investimento público. O orzamento ascende a 2.805.000 euros e o alcalde, Luís Fernández Guitián, destaca que se trata dunhas contas “que fan da perspectiva de xénero un asunto transversal, que se tivo en conta en todas as políticas, plans e programas que se van a desenvolver para transmitir unha imaxe efectiva igualitaria, plural e non estereotipada de homes e mulleres na sociedade”.

No capítulo de ingresos, o goberno local baixa a taxa do lixo nun 10%, ao tempo que non se sobe ningún imposto nin taxa municipal (gardería, IBI, vehículos, escola de música, auga e saneamento). No apartado de gastos,

o Concello prima o gasto social ao que destina preto de 800.000 euros. Contémplase un importante incremento no salario para as Auxiliares de Axuda no Fogar, arredor dun 6% (por uso de vehículo propio), máis o 2% que corresponde coa suba estatal, e contémplase un 0,3% adicional.

Outras medidas

Mantense o Servizo de Conciliación no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme, gratuito con xornada de mañá e tarde. Ampliase a dotación das becas de transporte universitario e as axudas para alumnos de BAC. Ampliase a dotación das axudas aos clubs de Fútbol e seguirá habendo axudas para deportistas individuais. O rexedor explicou que o goberno que preside segue a rebaixar a débeda viva co obxectivo de rematar o ano con débeda cero.

O Concello de Sober fará ademais un importante esforzo na



Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober.

mellora da rede de saneamento e abastecemento (ao que destina 430.000 euros), nas infraestruturas viarias (250.000 euros) e no impulso do turismo (máis de 200.000 euros), a través de medidas concretas que irá dando a coñecer nas vindeiras semanas.

Sober mellorará a rede de auga e saneamento

O Concello de Sober destinará 430.000 euros neste ano a efectuar melloras na rede de auga e saneamento. Os investimentos do goberno local apostan “de xeito claro” pola ampliación da rede de saneamento e abastecemento. Así, hai varias obras que se farán este ano: Primeira fase de saneamento Arxemil e Suairexa-Neiras (180.000 euros, pendente de permisos de Confederación e Deputación). Segunda fase do saneamento en Arxemil, o saneamento en O Ventorrillo-Neiras e a distribución da rede de abastecemento en toda a parroquia de Figueiroá e nos lugares de Portizó e Soutonovo en Anllo Santo Estevo, todo elo con 250.000 euros de inversión.

O alcalde, Luís Fernández Guitián, explica que “coas obras previstas arredor do 80% da poboación do Concello contará este ano con auga e saneamento municipal”. Consíganse ademais a mesma partida que o ano pasado para o mantemento das depuradoras rurais, que están perfecta-



Casa Consistorial de Sober.

mente atendidas.

Infraestruturas viarias

Os Orzamentos para 2020 recollen preto de 250.000 euros para infraestruturas viarias. En concreto, 85.000 euros para o Plan de Camiños Rurais da Consellería do Medio Rural, 70.000 euros de fondos propios para mellora de accesos, 20.000 euros do Plan Único para aglomerado de accesos, 25.000 euros para accesos a viñedos e 40.000 euros da Consellería do Medio Rural a través do Plan PIR para o aglomerado da estrada de Vilanova-

Gundivós a Neiras.

Outras obras previstas son: Novo Arquivo municipal e Xulgado de Paz e ascensor no edificio da antiga Cámara Agraria; obras ás que se destinan 60.000 euros cun 80% de axuda de Vicepresidencia da Xunta de Galicia. Renovación de alumeados públicos, 2ª fase do IDAE con preto de 200.000 euros para cambiar a LED de última xeración preto de 500 puntos de luz.

Tamén se vai adquirir un vehículo eléctrico e un punto de recarga, con destino ao servizo municipal de augas e medio ambiente.

A XL Feira do Viño de Amandi celebrarase os días 18 e 19 de abril



Presentación da edición de 2017 no miradoiro Pena do Castelo.

O Concello de Sober e os 25 adegoiros inscritos deciden tras un acordo por unanimidade cambiar a XL Feira do Viño de Amandi para a fin de semana do 18 e o 19 de abril. A decisión baséase na coincidencia coas eleccións autonómicas, un feito que ocorre por vez primeira nos 40 anos de celebración da feira.

O resto de actividades previstas mantén o seu calendario. O Mes do Amandi e a presentación do cartel anunciador da Feira serán o día 21 de marzo, sábado, no miradoiro dos Chelos, en Amandi. O prazo para a presentación de orixinais para o concurso de carteis rematou o 15 de febreiro.

Esta edición conta coa preinscrición de 25 adegoiros da subzona de Amandi amparados pola denominación de orixe Ribeira Sacra e terá este ano ao Concello da Peroxa como convidado de honra. Á Feira será convidada toda a Corporación municipal encabezada polo seu alcalde, Manuel Seoane Rodríguez.

Inauguración

A XL Feira do Viño de Amandi será inaugurada o sábado 18 de abril ás 12:00 do mediodía por familiares de David López Fernández, de Fontemañor-Lobios e de Fidel Pérez Durán, de Vilar de Mouros-Doade. A organización quere lembrar a dous viticultores e adegoiros finados nos últimos meses e que parti-

ciparon nas primeiras edicións da Feira do Viño de Amandi, ademais de contar con adegas amparadas pola DO Ribeira Sacra nos seus inicios.

A presentación oficial do cartel anunciador, xunto co programa da actos do Mes do Amandi e da propia Feira do Viño de Amandi, será o sábado 21 de marzo a mediodía no Miradoiro dos Chelos, na parroquia de Santa María de Amandi.

A pregoeira será a actriz lucense Benedicta Sánchez, recentemente galardoada co premio Goya á mellor actriz revelación polo seu papel na película de Oliver Laxe ‘O que arde’. O goberno local precisa que Benedicta “é unha muller do mundo rural que perfectamente identifica ás mulleres de Sober que traballan na viña e na adega na procura dun viño que solo se consegue a base de traballo, traballo e traballo”. “Por todo o que sabemos dela e da súa traxectoria Benedicta é unha muller loitadora e parécenos que encarna uns valores que, ademais de identificar ás mulleres de Sober, son valores que é importante transmitir ás xeracións vindeiras, por iso agradecemos a súa presenza na feira deste ano”, explica o rexedor, Luís Fernández Guitián. “A muller é imprescindible na viticultura de Amandi e Benedicta representa perfectamente a esa muller heroica”, engade.

GADIS

**desfrutamos
axudando a
desfrutar**



Cinco novas aldeas modelo en Lugo e Ourense

O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), presidido polo conselleiro do Medio Rural, José González, aprobou formalmente a declaración de cinco novas aldeas modelo e dun proxecto piloto de polígono agrario en Galicia. Trátase das aldeas modelo de Parada dos Montes (A Pobra de Brollón) e Moreda (Folgoso do Courel), na provincia de Lugo; e as de Reboredo (Pereiro de Aguiar), Xacebáns (Quintela de Leirado) e Trelle (Toén), na de Ourense. En canto ao proxecto piloto de mobilización de terras, levarase a cabo en Remuíño, no concello ourensán da Arnoia.

Estes núcleos suporán actuar en case 200 hectáreas, correspondentes a algo máis de 3.300 parcelas de preto de 800 propietarios. Súmanse ás cinco aldeas modelo ourensás e unha lucense aprobadas a finais de 2019, co

que ascenden xa a 11 as declaradas no total da comunidade ata o momento.

As aldeas modelo son proxectos de mobilización de terras dirixidos á recuperación produtiva de zonas maioritariamente abandonadas, na contorna de núcleos de poboación, de xeito que esa posta en valor sirva tamén para previr os incendios forestais nesas zonas. As características das aldeas aprobadas hoxe son as seguintes:

Aldea modelo de Parada dos Montes, no concello lucense da Pobra de Brollón. Actuarase nunha superficie de 15,55 hectáreas correspondentes a 293 parcelas de 75 propietarios. Dedicarase preferentemente á produción de vacún en extensivo.

Aldea modelo de Moreda, no municipio lucense de Folgoso do Courel. Trátase dunha zona de actuación de 38,86 hectáreas de superficie nun total de 37 parcelas de 7 propietarios. Dedicarase á

produción extensiva de porcino autóctono, aproveitando un bosque de aciñeiras único no seu xénero nesa área de Galicia.

Aldea modelo de Reboredo, no concello ourensán de Pereiro de Aguiar. Actuarase nun total de 11,77 hectáreas de superficie repartidas en 225 parcelas de 111 propietarios. Dedicarase preferentemente á produción cárnica extensiva e froitícola.

Aldea modelo de Xacebáns, no municipio ourensán de Quintela de Leirado. Trátase dunha zona de actuación de 32,67 hectáreas de superficie correspondentes a 622 parcelas de 132 propietarios. Dedicarase preferentemente á produción cárnica extensiva.

Aldea modelo de Trelle, no municipio ourensán de Toén. Actuarase en 29,37 hectáreas de superficie nun total de 649 parcelas de 176 propietarios. Dedicarase preferentemente á produción de castiñeiros e á produción cárnica



Vista xeral de Folgoso do Courel.

extensiva de porcino autóctono.

No que atinxe ao proxecto piloto de polígono agrario do concello ourensán da Arnoia, trátase de 43,64 hectáreas correspondentes a 1481 parcelas de 276 propietarios. Dirixirase á produción hortícola.

A Consellería do Medio Rural

recibiu xa 60 solicitudes para poñer en marcha aldeas modelo en distintos puntos de Galicia. Delas, atópanse en trámite máis de 20, que suporán a posta en valor, xunto coas xa aprobadas, de máis de 1000 hectáreas repartidas en case 18.000 parcelas duns 4.500 propietarios.

0 turismo en Galicia medra por riba da media española

O Instituto Nacional de Estadística (INE) publicou os primeiros datos turísticos de 2020, que indican que o turismo en Galicia medrou por riba da media española. En concreto, a demanda incrementouse na nosa Comunidade un 9%, fronte ao 3% a media estatal. Segundo o INE, os hoteis e pensións de Ga-

licia recibiron en xaneiro 179.479 viaxeiros -un 8,2% máis que hai un ano- que fixeron 338.030 noites, o que supón un crecemento do 9%, dando así continuidade á evolución de 2019. En termos de mercado, os datos estatísticos difundidos indican que melloran todos os perfís de viaxeiros. O turismo interno medra un 3%, o turismo



Casco Vello de Ourense con turistas.



Tapas, revoltos, montados.
Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE

nacional un 15,7% e o internacional un 7,2% en relación ao mes de xaneiro de 2019. Con máis de 61.000 noites, o turismo internacional acada neste primeiro mes do ano un máximo histórico de demanda hoteleira en Galicia. En xaneiro tamén se incrementou a ocupación, en case dous puntos porcentuais. O INE revela, ademais, que as tarifas ho-

teleiras encadean cinco anos consecutivos de crecemento, en concreto dun 8,8%. Este incremento das tarifas, engadido á mellora dos niveis de demanda e ocupación, trae consigo que os hoteis galegos melloren tamén en resultados económicos. Neste sentido, a rendibilidade medrou un 5,6%, colocando a cifra na máis elevada da década.